

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 16 DE XULLO DE 2018.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D. Diego Antonio Taibo Monelos
D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril
D.ª Mª Carmen Varela Corbelle
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.ª Marta Mª Iglesias Becerra
D. Miguel Suárez García
D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes

INTERVENTORA MUNICIPAL:

Dª Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL

ACCIDENTAL:

D.ª Mª de las Nieves Fuentes Bermejo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e catorce minutos do día dezaseis de xullo do ano dous mil dezaioito, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril, D.ª Mª Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta Mª Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, Dª Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral accidental, D.ª Mª de las Nieves Fuentes Bermejo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 9 DE XULLO DE 2018.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día nove de xullo de dous mil dezaioito, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por sete votos a favor (do Sr. alcalde, Rioboo Castro e dos/as Sres./as concelleiros/as, Taibo Monelos, Varela Corbelle, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García e Figueroa Fuentes) e coa abstención da Sra. concelleira Pombo Carril a cal manifesta que se abstén por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 9 de xullo de 2018.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Resolución do 3 de xullo de 2018, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o Acordo do Pleno do 28 de xuño de 2018, polo que se aproba a instrución relativa á remisión telemática ao Tribunal de Contas dos extractos dos expedientes de contratación e das relacións anuais dos contratos celebrados polas entidades e entes do sector público local ao amparo da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público. BOE núm. 166 do 10-07-2018.
- Orde do 27 de xuño de 2018, da Consellería de Política Social, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para investimento na mellora das infraestruturas e equipamento

das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais, e se convocan para o ano 2018 (cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020). DOG núm. 131 do 10-07-2018.

- Resolución do 26 de xuño de 2018, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza -Dirección Xeral de Emerxencias e Interior-, pola que se acorda outorgar o distintivo de permanencia ao persoal dos distintos corpos de policía local dos concellos de Galicia. DOG núm. 132 do 11-07-2018.
- Resolución do 5 de xullo de 2018, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza -Secretaría Xeral da Igualdade-, pola que se resolven as subvencións previstas na Resolución do 29 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria no ano 2018. DOG núm. 134 do 13-07-2018.
- Resolución do 6 de xullo de 2018, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, pola que se dá publicidade ao esgotamento do crédito da Orde do 25 de abril de 2018 (Diario Oficial de Galicia núm. 86, do 4 de maio), pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á creación ou mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia para o ano 2018 código de procedemento MT300A). DOG núm. 134 do 13-07-2018.
- Orde do 5 de xullo de 2018, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se amplía a dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas na Orde do 12 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de renda de integración social de Galicia (Risga), e se aproba a súa convocatoria para o ano 2018. DOG núm. 135 do 16-07-2018.

C.I.F. P-1503100-H

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. Alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións do Servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras

“

- Resolución núm. 908 de data do 15/06/2018 pola que se levanta o reparo que formula a Intervención Municipal Xeral e avoca a competencia para a aprobación da certificación núm. 1 da obra “Separata do proxecto da rede ciclista da Área metropolitana da Coruña – Concello de Culleredo”.
- Resolución de data do 909 de data do 15/06/2018 pola que se levanta o reparo que formula a Intervención Municipal Xeral e avoca a competencia para a aprobación da certificación núm. 2 da obra “Separata do proxecto da rede ciclista da Área metropolitana da Coruña – Concello de Culleredo”.
- Resolución núm. 917 de data do 15/06/2018 pola que se aproba a certificación núm. 1 da obra “Aforro enerxético, supresión tanto alzado e mellora cadros eléctricos e luminarias en Condes de Andrade, Vigovidín, A Xeca e Monte das Arcas”.

2.2.2.- O Sr. Taibo Monelos dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e comunicacións previas de obras e aperturas da concellaría delegada da Área de Urbanismo:

“RESOLUCIÓN DO 28.06.2018

Resolución 1029.- Concedendo a D.U.C. a licenza municipal de obras para a demolición dunha vivenda unifamiliar na parcela situada na Rúa Bo Home, parroquia de Almeiras (exp. UAU/2018/277).

Resolución 1030.- Concedendo a S.A.I.S., licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar, na parcela situada na Rúa Brea, parroquia de Sésamo. (exp. UAU/2018/85).

Resolución 1031.- Concedendo a Fergo Galicia Renta, S.L. a licenza que solicitou para o “reformado do proxecto básico e de execución para a agrupación de parcelas F e H”, situadas no quinceiro 7 do Polígono Industrial de Alvedro da parroquia de Almeiras e para as modificacións que se introducen no documento para recuperar a estrutura interior das edificacións (exp. UAU/2018/275).

RESOLUCIONS DO 06.07.2018

Resolución 1078.- Non expedindo a J.R.G., a certificación que solicitou relativa a inexistencia dun expediente de reposición da legalidade urbanística sobre o inmovible coa referencia catastral 15031A065005660000OU, dado que cos datos que aportou o solicitante e os antecedentes dos que dispón a Asesoría Xurídica deste Concello, non é posible determinar se o inmovible infrinxe a legalidade urbanística, nin se prescribiron, no seu caso, as facultades do Concello para ordenar a reposición da legalidade urbanística. (exp. UAU/2018/514).

Resolución 1079.- Concedendo a C.A.R.G., licenza para a construción dunha edificación agropecuaria na rúa Condes, parroquia de Sésamo (exp. UAU/2018/243).

Resolución 1080.- Concedendo a J.V.F, a licenza de primeira ocupación para unha vivenda situada na rúa Anchouza, parroquia de Rutis, e aprobando a devolución do aval que depositou no concello por importe de 2.500 € (exp. UAU/2017/490).

RESOLUCION DO 09.07.2018

Resolución 1083.- Concedendo a J.L.P.G., licenza municipal para a construción dunha vivenda unifamiliar na parcela coa referencia catastral 15031A065000130000OD situada no lugar de Peiro de Arriba – Celas (exp. UAU/2018/92)."

2.2.3.- A Sra. Pombo Carril dá lectura ao escrito do Sr. alcalde de data 12 de xullo de 2018, no que dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellaría delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:

“DACIÓN DE CONTA DA CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Dase conta á **XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do día **16/07/18** das seguintes resolucións emitidas dende esta concellaría :

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
02/07/18	1043	Conceder o servizo municipal de Teleasistencia domiciliaria.	A.M. C.	
02/07/18	1044	Conceder unha ampliación	F. A. R.	Cinco horas á semana (agás festivos).

C.I.F. P-1503100-H

		no servizo municipal de Axuda no fogar.		
02/07/18	1045	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar.	L. G. M. e C. L. C.	Dez horas á semana (agás festivos).
02/07/18	1046	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar.	C. I. R.	Cinco horas á semana (agás festivos).
02/07/18	1047	Aceptar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar e declarar concluso o procedemento.	C. G. C.	
02/07/18	1048	Denegar o servizo municipal de Teleasistencia domiciliaria por exceder a capacidade económica ata dúas veces o IPREM actualmente en vigor.	M. P. U.	
05/07/18	1068	Aceptar a solicitude de desestimento do servizo municipal de Axuda a domicilio e declarar concluso o procedemento.	E. M. C.	
05/07/18	1069	Aprobar a suspensión temporal dos servizos municipais de Axuda no fogar e Teleasistencia domiciliaria ata o día 27/09/2018.	F. V. R.	

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
18/05/2018	751	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación do pago.	M. A.R.M.	Pago do recibo de auga correspondente ao 4º trimestre de 2017 (73,63€) e 1º trimestre de 2018 (75,64€) Pago dos recibos de electricidade emitidos no mes de novembro (55,20€) e decembro (58,38€) de 2017, e nos meses de xaneiro (83,68€), febreiro (18,20€), marzo (67,91€) e abril (67,63€) de 2018.	
11/06/2018	893	Concesión axuda económica	A.G.R.	Pago de recibos de electricidade	1.075,68€

C.I.F. P-1503100-H

				correspondentes aos meses de novembro 2017 a outubro 2018. Bono de alimentos tipo A durante tres meses e cunha entrega mensual. Bono de hixiene tipo A durante tres meses e cunha entrega mensual.	
21/06/2018	979	Concesión axuda económica	M..C.L.F.	Recibos de comunidade de propietarios correspondentes aos recibos pendentes.	1,075,68€
21/06/2017	980	Concesión axuda económica	P.V.D.	Pago de recibo de electricidade correspondente os meses de novembro e decembro de 2017 e xaneiro e febreiro de 2018. Pago de recibo de auga correspondente ao 4º trimestre de 2017 e 1º trimestre de 2018. Pago de recibos de electricidade correspondentes aos meses de febreiro a outubro de 2018. Pago de recibos de auga correspondentes ao 2º e 3º trimestre de 2018.	227,14 € 115,44 €
21/06/2018	978	Concesión axuda económica	D.M.A.G.	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro 8270 €), febreiro(270€), marzo(270€) e parte de abril(265€) de 2018	1.075,00 €
22/06/2018	988	Concesión axuda económica	D.M.A.C.	Pago de aluguer correspondente aos meses de fianza (350€), xullo(350€) e agosto(350€) de 2018	1.050€

***TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
28/05/2018	789	Concesión tarxeta estacionamiento por razón de discapacidade.	M.J.P.A.	10 anos

“

2.2.4.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

“ACTIVIDADES CULTURAIS

MÉRCORES 18 DE XULLO

Biblioteca González Garcés do Burgo. 11.30 h:

Obradoiros creativos de verán.

Tapóns que salvan vidas, a cargo de “Teatro Buratini”.

A partir de 7 anos. Inscripción na mesma semana na Biblioteca, en horario de 9.00 a 14.00, ou no teléfono 981665597.”

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral accidental, dou fe.

Visto e praxe
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H